

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ARTEIXO
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Escoitar atentamente en interaccións orais e amosar interese e respecto polas interaccións.	Escoita atentamente en interaccións orais e amosa interese e respecto polas intervencións dos compañeiros/as.
Participar en conversas moi breves sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións).	Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas.
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	Reproduce cancións, rimas, recitados e diálogos con pronunciación, ritmo e entoación axeitados.
Identificar o tema e as ideas principais en historietas, vídeos e textos sinxelos sobre contidos traballados.	Comprende o sentido global e a información máis importante procedente de historietas, vídeos e textos sinxelos sobre os contidos traballados.
Identificar a información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, carteis, catálogos...	Localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, carteis, catálogos...
Responder oralmente e por escrito a preguntas sinxelas en presente e pasado, tanto en forma afirmativa como negativa.	Responde oralmente e por escrito a preguntas sinxelas en presente e pasado, tanto en forma afirmativa como negativa.
Comprender, ler e utilizar as estruturas e o vocabulario traballados.	Comprende, le e utiliza as estruturas e o vocabulario traballados.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos.	Escribe diálogos e textos sinxelos coa axuda de modelos dados.
Construír textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples utilizando as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis próxima e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais e os seus intereses (gustos, afeccións...)
Amosar interese por facer as tarefas o mellor posible.	Amosa interese en facer as tarefas individuais: corrección, limpeza e respecto dos prazos de execución.
Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender a acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.	Identifica aspectos básicos da vida cotiá do país onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e amosa curiosidade por aprender a súa cultura.
Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	Recoñece léxico oral de alta frecuencia relativo á identificación persoal, vivenda, actividades da vida diaria, familia, traballo e ocupacións, tempo libre, lecer e deporte, viaxes e vacacións, saúde e coidados físicos, educación e

	estudo, compras e actividades comerciais, alimentación, transporte e clima.
Recoñecer as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral e escrita.	<p>Expresa relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to-infinitive); comparación.</p> <p>Expresa relacións temporais (when, before, after).</p> <p>Expresa afirmación (affirmative sentences; Yes (+tag)).</p> <p>Expresa negación (negative sentences; No (+tag)).</p> <p>Expresa interrogación (Wh- questions; Aux. Questions).</p> <p>Expresa exclamación (What + noun, How +Adj.).</p> <p>Expresa a capacidade (can), posibilidade (may), necesidade (must, need), intención (going to).</p> <p>Expresa a existencia (there is / there are).</p> <p>Expresa números cardinais ata catro díxitos e números ordinais ata dous díxitos.</p> <p>Expresa o tempo e o espazo.</p> <p>Expresa oracións en presente simple e continuo e en pasado simple e continuo.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será continua, formativa e inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe a través de actividades elaboradas para o seu nivel de madurez. Actitude, participación e esforzo.</p>
	<p>Instrumentos: Análise das tarefas e actividades encomendadas. Probas de avaliación (oral ou escrita) da 1ª e 2ª avaliación.</p>
Cualificación final	<p>70% Avaliación 1ª e 2ª 30% Actividades da 3ª avaliación</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de lectura, escritura, audicións, comprensión oral e comprensión escrita.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades que non se poidan ou non se queiran imprimir, poderanse escribir no caderno e no caso de poñer páxinas web con cancións, vídeos ou xogos on line non serán obrigatorios nin será para ampliar contido.
Materiais e recursos	Cancións, vídeos, xogos on line, fichas, Class Book e Activity Book.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información ás familias e ao alumnado na páxina web do centro no mesmo lugar onde se poñen as actividades de Inglés a realizar durante o estado de alarma.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.